

CONVOCATORIA DE AXUDAS A REDES DE INVESTIGACIÓN 2022

No B.O.E. de data 14 de setembro de 2022 publicouse o Extracto da Resolución do 12 de setembro de 2022, da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación, pola que se aproba a convocatoria do ano 2022 das axudas a redes de investigación, cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos Nacional de Subvencións, con identificador BDNS: 629429.

O obxectivo destas axudas é incentivar a creación de redes de investigación para promover a complementariedade de capacidades e optimizar os recursos de investigación existentes, xerando sinerxias entre grupos de investigación de distintas institucións. As actividades científico-técnicas ás que van dirixidas estas redes teñen que demostrar o seu valor engadido en base á consecución de obxectivos comúns e compartidos e a realización de actividades que non poderían financiarse a través doutros instrumentos.

As axudas financiarán as actividades para a creación e desenvolvemento de redes de grupos de investigación en tres modalidades:

- a) **Modalidade Redes Temáticas:** encamiñadas a mellorar os resultados de investigación obtidos mediante actuacións financiadas en convocatorias anteriores de proxectos do Plan Estatal de I+D+i.
- b) **Modalidade Redes ICTS:** encamiñadas a fomentar a coordinación xeral das redes de ICTS.
- c) **Modalidade Redes Estratéxicas:** encamiñadas a contribuír á xestión e á coordinación nacional de iniciativas estratéxicas de I+D+i nacionais ou internacionais.

O prazo de presentación de solicitudes comeza o día **22 de setembro de 2022 e finaliza o día 11 de outubro de 2022 ás 14:00 horas** (hora peninsular española).

No lateral dereito dispoñedes dun acceso á Convocatoria.

Na parte inferior dispoñedes dun pequeno vídeo resumo da convocatoria.

LIGAZÓNS

ASOCIADAS

Convocatoria de
Axudas a Redes de
Investigación

Extracto
Convocatoria de
Axudas a Redes de
Investigación

Ficha Resumo da
Convocatoria
Redes de
Investigación